



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

Edificio Advo. San Caetano, s/n - bloque 5 - 4ª planta
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA




ILMO. CONCELLO DO GROVE
 11 AGO. 2016
 ENTRADA N.º 4554

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REXISTRO XERAL
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 85998 / RX 1144843

Data 09/08/2016 11:39:26



Concello de O Grove

Praza do Corgo, s/n

36980 – O Grove (Pontevedra)

ASUNTO: Notificación de concesión das subvencións aos concellos galegos para a creación de espazos de emprendemento comercial no medio rural.

Proc. IN2011 – 2016 (DOG nº 93 do 18 de maio de 2016)

Para o seu coñecemento e efectos, notifícolle que con data de 4 de agosto de 2016 o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, a proposta da Dirección xeral de Comercio, ditou resolución de concesión de subvención de conformidade co expresado a continuación:

Beneficiario/a	Concello de O Grove
Investimento subvencionable	90.363,80 €
Importe subvención	63.254,66 €
Observacións á inversión	----

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer, no seu caso:

1. Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contando a partir do día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 15 das bases reguladoras da Orde de convocatoria, e sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos dez días hábiles dende a notificación ou



publicación desta sen que a persoa interesada comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e, dende ese momento, adquirirá a condición de beneficiario/a.

A renuncia á subvención, debidamente motivada, farase por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En caso de que se comunique a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 ° da mesma lei.

Xustificación da subvención

Segundo o establecido no artigo 18 das bases da orde de convocatoria, o pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, na respectiva xefatura territorial, ata o 31 de outubro de 2016, do orixinal ou copia compulsada da documentación sinalada no devandito artigo.

Os órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Pagamento

Recibida a documentación xustificativa da subvención, as respectivas xefaturas territoriais, antes de proceder ao seu pagamento, realizarán as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento do investimento subvencionado.

O importe da subvención aboarase nun único pagamento mediante transferencia bancaria á entidade financeira ao número de conta designado polo beneficiario.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade sempre que se xustifique un mínimo do 65% do importe establecido na resolución de concesión. No caso de concorrer con outras axudas aplicarase o disposto no artigo 2.3 das bases reguladoras.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2016

A directora xerada de Comercio

Sol M^a Vázquez Abad